

Sábado, 5 de abril de 2008, ás 17:30 h
De San Amaro aos Xardíns de Méndez Núñez

Cortexo de honra a Curros Enríquez

Actuacións das corais:
Follas Novas, Cántigas da Terra, El Eco, Toxos e Frores



Concello da Coruña



REAL ACADEMIA
GALEGA



2 de abril de 1908: o enterro de Curros Enríquez na rúa de Rego de Auga



2 de abril de 1908: representantes de todo o país no cortexo fúnebre



2 de abril de 1908: corenta mil coruñeses participaron no cortexo



2 de abril de 1908: a despedida ao poeta no cemiterio de San Amaro



CENTENARIO 1CC CURROS



Sábado, 5 de abril de 2008, ás 17:30 h

Cortexo de honra a Curros Enríquez

De San Amaro aos Xardíns de Méndez Núñez


Actos organizados polo
Concello da Coruña e
a Real Academia Galega

Colaboran:
Deputación da Coruña,
Consellería
de Cultura e Deporte,
D. X. de Creación
e Difusión Cultural

CENTENARIO

1CC

CURROS



AO PÉ DE CURROS CENTENARIO CURROS ENRÍQUEZ

No mes de abril de 1908 un acto multitudinario percorre as rúas da cidade, as masas corais, con estandartes e pendóns despregados, inzan os seus versos nas ás da música; presidido polas autoridades políticas e académicas, polo mundo societario dunha e outra ribeira, o pobo enseñórase de camiños e rúas para acubillar o poeta que lle deu voz e vida. Por este motivo, este acto cívico comeza no cemiterio e remata no monumento a Curros, no corazón da cidade, para ser metáfora esperanzadora, viaxe da morte á vida.

Conducen o acto:
María Xosé Bravo, Concelleira de Cultura
e Xosé Luis Axeitos, arquivista-bibliotecario da Real Academia.



Barro Salgado Santana / Alva Gráfica 0000-08

Cortexo de honra a Curros Enríquez
De San Amaro aos Xardíns de Méndez Núñez
Sábado, 5 de abril de 2008, ás 17:30 h

Duración aproximada 1:30 h

1. No cemiterio de San Amaro

O xoves, día 2 de abril de 1908, ás 18:30 horas, despois de pasar por varias rúas da cidade, chega a San Amaro a comitiva fúnebre no medio da multitude. Algúns xornais apuntan que San Amaro non é a morada definitiva do poeta. O monumento cívico que se proxecta levantar na súa honra disporá dunha furna cineraria para acoller os seus restos. Curros, poeta e xornalista escoitará as palabras de **Manuel González Menéndez, Presidente da Asociación da Prensa da Coruña.**

2. Nas Escolas Curros Enríquez

En maio de 1908 constitúese en Bos Aires a “Comisión Curros Enríquez” co obxectivo de recadar fondos para levantar as escolas co nome do poeta. Malia que a inauguración das Escolas Curros Enríquez se adía por moitos anos, quede aquí expresada, a pé de obra, a vontade dun grupo de entusiastas patriotas de unir o nome do poeta á cultura galega e ás súas necesidades educativas. Esta arela inicial xustifica dabondo a presenza do **Reitor da Universidade da Coruña, José María Barja Pérez,** máxima autoridade académica da cidade, arroupado polos alumnos e alumnas do CEIP Curros Enríquez.

3. Na Real Academia Galega

Tamén parou o cortexo fúnebre de 1908 na rúa Rego de Auga, daquela sede da Academia. Alí falan Murguía e Filomena Dato Muruais, mentres se lle fai unha ofrenda floral ao poeta. Curros é fundador da Academia e membro de honra da mesma desde a presidencia da Asociación Iniciadora e Protectora da Habana.

En demoradas conversas con Murguía, a Academia Galega foi un soño compartido polos dous pais da patria, e a consolidar esta institución dedican un e outro os últimos anos da súa vida. **Xosé Ramón Barreiro Fernández, Presidente da Real Academia Galega,** fai a lembranza.

4. No Concello da Coruña

Sendo alcade da Coruña o Sr. Sánchez Anido, a vella casa do Concello, anterior ao Pazo actual, acolle no seu salón da Planta Baixa os restos mortais de Curros Enríquez. Anos máis tarde será o alcalde da Coruña Suárez Ferrín quen inaugura o monumento ao poeta nos xardíns de Méndez Núñez. Entre estas datas (1908-1934) o Concello da Coruña sempre está presente en todas as Comisións que se crean para honrar o poeta: procura fondos económicos, achanda dificultades, publica bandos e móstrase sempre “xeneroso e fidalgo” como corresponde á nobre tradición da Deputación da Coruña.

5. Ao pé de Curros Enríquez, no monumento

En xuño de 1908 constitúese unha Comisión formada polo Concello, a Academia, a Asociación de Prensa e a Academia de Belas Artes para erguer un monumento ao poeta no mesmo Grupo Escolar que se quería levantar. O monumento é inaugurado no ano 1934, como resultado dun concurso que gaña o escultor Francisco Asorey.

A palabra poética de Curros e a música galega ficaron petrificadas para erixir esta bandeira de redención patriótica que hoxe saúda o noso cortexo. Porque, como dixo Otero Pedrayo, “Curros, namorado da Coruña e agradecido a ela, soio pode estare no fronte luminoso, aberto ao mar e ao infindo da cidade”. Intervenien: **Ánxela Bugallo, Conselleira de Cultura e Deporte** e **Javier Losada de Azpiazu, Alcalde da Coruña**